



Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) vén de convocar a través do Diario Oficial de Galicia (**DOG 1/06/2015**) as axudas para a **CONSOLIDACIÓN E A ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS NOS CENTROS TECNOLÓXICOS CONSOLIDADOS DE GALICIA**.

O obxectivo desta convocatoria é incentivar a transferencia de resultados da investigación, de coñecemento e das capacidades tecnolóxicas dos centros tecnolóxicos ao mercado e, deste xeito, mellorar a competitividade do noso tecido empresarial.

Considéranse **centros tecnolóxicos consolidados** aqueles que figuran inscritos ou teñen o recoñecemento de centro tecnolóxico ou centro de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal a través do Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o rexistro de tales centros. En Galicia contamos con seis centros tecnolóxicos destas características: **AIMEN, ANFACO-CECOPECA, CTAG, Gradiant, ITG e EnergyLab**.

A dotación orzamentaria total da convocatoria ascende a **1.872.000 euros** e o reparto dos fondos farase en función dunha serie de indicadores obxectivos que valoran a súa perspectiva financeira, de resultados e de igualdade. O prazo de presentación das solicitudes é dun mes, até o 1 de xullo de 2015.

As bases completas da convocatoria así como o formulario de solicitude están dispoñibles a través da **sección Axudas 2015** da web de GAIN. Ademais, GAIN facilita un correo electrónico de contacto, **cei.infoest@xunta.es**, e un teléfono, 981 54 39 86, para atender as consultas arredor desta convocatoria.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixas pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.